

POSIBLES IDEAS PARA  
UNA HOMILÍA CON NENOS  
16 XUÑO 2019

**VIVIMOS no Pai, MOVIDOS polo Espírito,  
pola ENTREGA do Fillo.**

**1. VER: Deus non cabe nas nosas cabezas.**

-Cóntase que **santo Agostiño** andaba escribindo un libro sobre Deus, sobre a **Santísima Trindade**, no que quería esmiuzar todo o que el supoñía que debe de ser Deus. Cóntase que, paseando un día pola beira do mar, atopouse cun neno que choraba e choraba. O santo preguntoulle a causa. O neno, que, coa cuncha dunha ostra entretíñase en botar auga nun buratiño que cavara na area, respondeulle que porque non podía botar toda a auga do mar no seu buratiño. E Agostiño, cun certo sorriso, díxolle: *-Pero, **non comprendes, pequeno, que iso é imposible?*** E o neno, que era un anxo disfrazado, contestoulle: *-**Pois moito máis difícil é que ti poidas entender o misterio da Santísima Trindade.***

*Quen-que é para ti Deus? Que lle dirías a un neno que non cre?*

**2. XULGAR: Deus ten cara de Padre, Fillo e Espírito.**

-No evanxeo de hoxe, Xesús fálanos de Deus que é **Pai, Fillo e Espírito Santo**. Tamén da relación profunda que hai entre os tres.

**QUE NOS QUERE DICIR?**

1. Deus quérenos, creounos, cóidanos, sálvanos.-*Teñamos con el unha relación profunda, recémoslle “Gloria ao Pai”,*
- 2.

Iniciemos a xornada “No nome do Pai...” .Sexamos testemuñas do seu amor entre os que non cren.

3. **Deus ten cara de Pai, Fillo e Espírito Santo:** Podemos dicir que Deus é o noso “papá” que nos creou, é Xesús que deu a súa vida para salvarnos, e é Espírito Santo que guía a Igrexa e nos regala a graza nos sacramentos. -**Chama a Deus “Papá”, “Irmán”.**
4. **Deus Trindade é un exemplo para nós: sendo 3 persoas é amor, familia, comunión.** “Eu e o Pai somos un”, di Xesús. - **Sexamos o que é Deus Trindade cos nosos irmáns:** vivamos unidos, formando a familia da Igrexa, sentíndonos comunidade.
5. **Fagamos realidade o que Fano (o debuxante) nos pide hoxe:** vivamos no amor do Pai, sexamos movidos e alentados polo Espírito alá onde andemos, e entreguémonos aos demais como Xesús.

***Que descubriches de Deus?  
Que nos esixe a celebración desta festa?***

### **3. ACTUAR: Ama a Deus, cre nel.**

-Recorda que Deus ten cara de Pai; mira agora ao teu corazón e dille “Papá”. Deus ten cara de Fillo, que nos fai fillos de Deus e lévanos da súa man; dille: “Xesús, Irmán, compañeiro e amigo, ti lévasme da túa man”. Deus ten cara de Espírito; mira o teu interior e dille: “Deus Espírito e amor, -doce hóspede da alma-, sándame” ...

-Reza ben “No nome do Pai” e o “Gloria ao Pai... Falade do Deus achegado.

***En que poderías mellorar? Que imos facer?***

# A PALABRA

**PROVERBIOS 8,22-31:** *Non eloxies a ningún antes de oílo falar.*

Isto di a Sabedoría de Deus: «O Señor creoume ao principio das súas tarefas, ao comezo das súas obras antigüísimas.

*Nun tempo remoto fun formada, antes de que a terra existise. Antes dos abismos fun procreada, antes dos mananciais das augas.*

*Aínda non estaban afincados os montes, antes das montañas fun procreada. Non fixera aínda a terra e a herba, nin os primeiros terróns do orbe.*

*Cando colocaba os ceos, alí estaba eu; cando trazaba a bóveda sobre a face do abismo; cando suxeitaba as nubes na altura, e fixaba as fontes abismais; cando poñía un límite ao mar, cuxas augas non traspasan o seu mandato; cando asentaba os alicerces da terra, eu estaba xunto a el, como arquitecto, e día tras día alegrábao, todo o tempo xogaba na súa presenza: xogaba coa bóla da terra, e as miñas delicias están cos fillos dos homes».*

Palabra do Señor.

**SALMO 8:**

**R/.** Señor, noso Señor, que grande é o teu nome en toda a terra.

**ROMANOS 5, 1-5:** A Deus, por medio de Cristo, no amor derramado co Espírito.

**XOÁN 16, 12-15:** *O que ten o Pai é meu; o Espírito tomará do meu e anunciarávo-lo.*

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** -«Aínda teño moitas cousas que vos dicir, pero non podeades cargar con elas por agora; cando veña El, o Espírito da verdade, guiaravos ata a verdade plena.

Pois non falará por conta propia, senón que falará do que o e e comunicaravos o que está por vir.

El glorificárame, porque recibirá do meu e anunciarávo-lo.

Todo o que ten o Pai é meu. Por iso díxenvos que recibirá e tomará do meu e anunciarávo-lo».

*Palabra do Señor*

**(Narrador-Xesús)**